

Resolución núm. 2024/7246

Expediente: 2023/17535J

RESOLUCIÓN

Cesamento de dona Montserrat López Merino como Administrativa do Grupo Provincial de Democracia Ourenzana, en réxime de persoal eventual.

Unha vez visto que o día 1 de decembro de 2023 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba en réxime de persoal eventual e dedicación exclusiva a dona Montserrat López Merino como administrativa do Grupo Provincial de Democracia Ourenzana.

Unha vez visto que o día 3 de xuño de 2024, don Rafael Martínez Cachafeiro, voceiro do Grupo Provincial de Democracia Ourenzana presentou no Rexistro Xeral desta Deputación (núm. Anotación 2024024290) escrito solicitando a baixa no grupo provincial de dona Montserrat López Merino.

De conformidade co establecido no artigo 104.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual. O nomeamento e cese deste tipo de pesoal é libre e corresponde á Presidencia da entidade local.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Acordar o cesamento de dona Montserrat López Merino como administrativa do Grupo Provincial de Democracia Ourenzana en réxime de persoal eventual con efectos do día 4 de xuño de 2024.

2.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación á interesada.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por LUIS
MENOR PEREZ
O Presidente
05/06/2024 - 10:24:29

Asinado electrónicamente por
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA
Vicesecretario Xeral
05/06/2024 - 10:41:33